



MATRÍCULA LIBRE 2019

DO 13 DE MARZO Ó 2 DE ABRIL

A aplicación web de matrícula permanecerá aberta ata as 12:00 do mediodía do 2 DE ABRIL

Procedemento:

Acceder á ligazón: <https://www.informaticacentros.com/xunta/> e matricularse nas probas de certificación dos idiomas e niveis que lle interesen.

A matrícula non ten validez ata que non se formalice entregando na secretaría da EOI a seguinte documentación, en horario de 09:00 a 14:00.

- Impreso de matrícula libre xerado pola aplicación web.
- Resgardo do aboamento dos prezos públicos. [Ver Decreto 89/2013](#). O pagamento non pode ser fraccionado.
- Orixinal e copia do xustificante do dereito de exención de taxas, de ser o caso.
- Fotocopia do DNI ou, no caso de persoas estranxeiras, NIE ou pasaporte.
- Para o alumnado menor de 16 anos a 31 de decembro de 2019, certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na ESO no presente curso escolar, expedido polo centro consonte ó modelo do Anexo VII. [Ver Anexo VII](#)
- O alumnado dos cursos CALC, o documento de realización do curso, emitido polo CFR, onde conste que cumpre o requisito de asistencia.
- O alumnado que precise condicións especiais para a realización das probas debido a algún tipo de discapacidade física ou sensorial deberá xustificalo mediante a documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, deberá cubrir o anexo VIII desta circular. [Ver Anexo VIII](#)
- O alumnado procedente de EOIs de fóra da comunidade autónoma deberá presentar un certificado de estudos da EOI de orixe.

A documentación preséntase na Secretaría da EOI ou sección onde se vaia realizar a proba. **Non se recollen matrículas nas sedes de A Ponte (IES Blanco Amor), Celanova, O Carballiño e Ribadavia.** Non se recollerá documentación de matrícula despois das 14:00 do 2 de abril.

ACCESO ÁS PROBAS

Alumnado libre:

Pódense matricular nas probas do idioma que cursasen como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan 16 anos cumpridos ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2019.

Pódense matricular nas probas dos idiomas que non cursasen como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan 14 anos cumpridos ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2019.

Non é necesario superar o exame dun nivel inferior para poder presentarse a un superior.

Non se pode estar matriculado no mesmo idioma e curso no mesmo ano académico por ensino oficial e libre simultaneamente.

O alumnado que xa realizou estudos nunha EOI en cursos anteriores e desexe matricularse polo réxime libre noutra escola en 2018-2019 deberá indicalo coa súa solicitude de matrícula. Se procede dunha EOI de fóra da comunidade autónoma, debe presentar un certificado de estudos da EOI de orixe.

A modalidade libre só permite un único exame en xuño, non hai convocatoria de setembro.

Alumnado oficial:

O alumnado oficial que desexe realizar as probas de certificación polo réxime libre de calquera idioma ou nivel poderá matricularse nestas unicamente na EOI na que é alumno oficial, salvo que a dita EOI non imparta a lingua na que desexe matricularse.

Alumnado do programa That's English:

Non teñen que formalizar matrícula nin aboar prezos públicos.

O alumnado afectado pola incorporación do plan anterior, a que fai referencia o apartado 24 da Circular 3/2018, poderá realizar as probas de certificación do nivel anterior para o que debe formalizar a matrícula. Este alumnado disporá das convocatorias ordinaria e extraordinaria para superar as probas e non terá que aboar os prezos públicos polo acceso ás probas de certificación. Isto é de aplicación unicamente para o alumnado que estivera matriculado no 1º curso de calquera nivel no ano académico 2017-2018 e accedera ao 1º curso do seguinte nivel no ano académico 2018-2019, ben a través das táboas de acceso establecidas no anexo III do Decreto 81/2018, ben a través do procedemento de reasignación de nivel, no caso do alumnado a que fai referencia o apartado 9.2 da Circular 3/2018.

Alumnado CALC:

Deberá formalizar a súa matrícula polo réxime libre, indicando na aplicación web de matrícula o idioma e nivel do curso CALC que está a realizar. Deberá presentar o documento de realización do curso, emitido polo CFR, onde conste que cumpre o requisito de asistencia. O alumnado que non o presente só terá dereito á convocatoria de xuño.

Disporá dos exames de xuño e setembro, unicamente no idioma e nivel cursado, sempre que formalizase a matrícula na escola na que cursou o CALC e o indicase na aplicación web de matrícula.

Non terán que aboar os prezos públicos correspondentes ó concepto de matriculación por idiomas, sempre que vaian realizar as probas de certificación do idioma e nivel correspondentes por primeira vez. Se se matriculan nunha EOI por primeira vez, estas persoas deberán aboar os prezos públicos correspondentes á apertura de expediente.

Alumnado procedente do Programa CUALE

O alumnado procedente dos cursos CUALE 2018-2019 que se matricule para as probas de certificación disporá de dúas convocatorias (xuño e setembro) para superar a proba, unicamente no idioma e nivel cursado no programa CUALE, e non terá que aboar prezos públicos polo acceso ás probas de certificación.

Alumnado procedente dos cursos de formación de profesorado de preparación das probas de certificación das EOI

O alumnado procedente dos cursos de formación de profesorado de preparación das probas de certificación das EOI deberá formalizar a matrícula. O alumnado de nivel C2 destes cursos deberá realizar a matrícula de xeito presencial na EOI correspondente. O alumnado procedente destes cursos disporá das convocatorias ordinaria e extraordinaria, unicamente no idioma e nivel cursado, sempre que formalizase a matrícula na escola ou sección en que realizou o curso e o indicase na aplicación web de matrícula

Incompatibilidades:

Non se poderán matricular e examinar das probas:

Aquelas persoas que participasen na súa elaboración e configuración final.

O profesorado que imparta docencia nunha EOI (ou impartira-no caso de profesorado interino ou substituto- nalgún momento do curso 2018-2019), na propia EOI.

O profesorado que imparta docencia nunha EOI non se poderá examinar en ninguna EOI de Galicia para o idioma que imparte.

O persoal non docente no curso 2018-2019 non se poderá matricular no centro onde desempeñe o seu labor, pero sí noutra escola ou sección.

As probas de certificación de nivel avanzado C2 administraranse unicamente para o alumnado presencial e o alumnado dos cursos CALC e dos de formación do profesorado cursos de preparación das probas de certificación das EOI.

Reclamacións ás cualificacións das probas :

Toda a información atópase en:

- **Guías do candidato:**
 - [NIVEL BÁSICO A2](#)
 - [NIVEL INTERMEDIO B1](#)
 - [NIVEL INTERMEDIO B2](#)
 - [NIVEL AVANZADO C1](#)
 - [NIVEL AVANZADO C2](#)

- **Ordes de avaliación :**
 - [Orde do 8 de setembro de 2008](#) pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (DOG do 26 de setembro de 2008), modificada pola [Orde do 19 de abril de 2012](#) (DOG do 30 de abril)
 - [Circular 1/2019](#) da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan para o curso 2018-2019 as probas decertificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas polo Decreto 81/2018, do 19 de xullo.

TAXAS ALUMNADO LIBRE 2018/2019

Decreto 89/2013 do 13 de xuño publicado no [DOG nº 114 de 17 de xuño de 2013](#)

NOVO ALUMNADO

		FAMILIA ORDINARIA	FAMILIA NUMEROSA CATEGORÍA XERAL REDUCIÓN DO 50%	FAMILIA NUMEROSA CATEGORÍA ESPECIAL DISCAPACIDADE ≥ 33% VÍTIMAS DE TERRORISMO VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	FUNCIONARIADO DE CORPOS DOCENTES EN MATERIAS DE NOVA MATRICULACIÓN
NIVEIS BÁSICO, INTERMEDIO, AVANZADO OU C1	1 IDIOMA	68 €	34 €	GRATUÍTA	22€
	2 IDIOMAS	114 €	57 €		
	3 IDIOMAS	160 €	80 €		
	4 IDIOMAS	206 €	103 €		
	5 IDIOMAS	252 €	126 €		
	6 IDIOMAS	298 €	149 €		
	7 IDIOMAS	344 €	172 €		

ANTIGO ALUMNADO

		FAMILIA ORDINARIA	FAMILIA NUMEROSA CATEGORÍA XERAL REDUCIÓN DO 50%	FAMILIA NUMEROSA CATEGORÍA ESPECIAL DISCAPACIDADE ≥ 33% VÍTIMAS DE TERRORISMO VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	FUNCIONARIADO DE CORPOS DOCENTES EN MATERIAS DE NOVA MATRICULACIÓN
NIVEIS BÁSICO, INTERMEDIO, AVANZADO OU C1	1 IDIOMA	46 €	23 €	GRATUÍTA	0 €
	2 IDIOMAS	92 €	46 €		
	3 IDIOMAS	138 €	69 €		
	4 IDIOMAS	184 €	92 €		
	5 IDIOMAS	230 €	115 €		
	6 IDIOMAS	276 €	138 €		
	7 IDIOMAS	322 €	161 €		

IMPORTANTE: deberase acreditar documentalmente (con copia e orixinal) o dereito a todas as exencións e descontos en cada matrícula. Non se pode fraccionar o pagamento.